

ESTRATEGIAS DIDÁCTICAS PARA UNHA MELLORA DAS ACTITUDES LINGÜÍSTICAS

Florentina Peliquín Pérez

CEFOCOP de Santiago de Compostela

O presente traballo xorde da necesidade de potencia-la lingua oral para así favorece-lo seu uso, e a través do mesmo potencia-la normalización lingüística, tratando á súa vez de mellora-las actitudes de cara ó uso da lingua procurando erradica-los prexuízos que se puidesen detectar. Evidentemente isto é un labor que require tempo e á súa vez esixe por parte dos profesionais do ensino establecer estratexias didácticas axeitadas que faciliten a consecución da meta proposta.

Polo tanto aquí pretendo dar unhas ideas que entendo repercuten de xeito satisfactorio na mellora de actitudes de cara o uso da lingua.

O traballo estrutúrase do seguinte xeito: inicialmente faise un percorrido polos Decretos do currículo da área de Lingua Galega e Literatura das etapas de Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato; céntrome despois nos bloques de contido de lingua oral e lingua e sociedade tendo en conta os distintos tipos de contidos que é preciso abordar nos mesmos, pasando a continuación a estratexias didácticas concretas de dinámica de grupos que propoño abordar para incidir nunha mellora das actitudes de cara ó uso da lingua. Finalmente presento unha serie de cuestións para a autorreflexión do profesorado encargado de impartir esta área e algunhas suxestións para unha posterior planificación que incida na mellora do uso lingüístico de xeito que a lingua cumpra a súa verdadeira función é dicir a comunicación.

1. A ÁREA DE LINGUA GALEGA NOS DECRETOS DO CURRÍCULO DAS DISTINTAS ETAPAS DE ENSINO

Se facemos un estudio dos Deseños Curriculares Base (DCB) das distintas etapas do ensino, Educación Primaria (EP), Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e Bacharelato, apreciamos como se inclúe nas mesmas polo que respecta a área de Lingua Galega

e Literatura o bloque de contidos Lingua e Sociedade que por suposto hai que abordar nas tres etapas citadas, dúas obrigatorias –EP e ESO– e unha postobligatoria, o Bacharelato. Tamén os bloques de Lingua Oral e Reflexión Lingüística se sinalan como bloques diferenciados.

DCB ÁREA DE L. GALEGA E LITERATURA	EDUCACIÓN PRIMARIA (5 bloques)	EDUCACIÓN SECUNDARIA (6 bloques)	BACHARELATO (4 bloques)
BLOQUES DE CONTIDO	<ul style="list-style-type: none"> ●Lingua e sociedade ●Lingua oral ●Lectura e escritura ●A lingua como obxecto de reflexión ●Lingua e medios de comunicación 	<ul style="list-style-type: none"> ●Lingua e sociedade ●Lingua oral ●Lingua escrita ●A lingua como obxecto de reflexión ●Lingua literaria ●Lingua e medios de comunicación 	<ul style="list-style-type: none"> ●Lingua e sociedade ●Lingua oral e escrita ●Reflexión sobre a lingua ●A Literatura

No DCB de Educación Primaria dise que a adquisición da lingua sempre está unida ó contexto social. A finalidade da área de Lingua Galega e Literatura é o desenvolvemento das capacidades lingüísticas básicas para podelas utilizar en contextos expresivos comunicativos. En Primaria preténdese que os nenos e nenas desenvolvan as potencialidades da fala coa maior riqueza formal. Isto supón que han de falar e á súa vez escoitar, comprender e argumenta-las súas ideas.

No DCB de Educación Secundaria cabe destacar como a función primordial da linguaxe é a función da comunicación e representación. Comunicación para representa-la realidade.

Representación que está unida ó desenvolvemento cognitivo e posibilita así a relación entre conceptos, contribuíndo ó desenvolvemento dos mesmos, á conceptualización.

A gramática que se traballará no bloque de contido de reflexión lingüística, ha de servir para mellora-la competencia comunicativa tanto oral como escrita.

No contexto sociolingüístico a educación ten que procurar unha actitude global de sensibilidade cara á lingua e fomentar un desenvolvemento cuantitativo e cualitativo de aprecio por ela.

No Decreto do currículo do Bacharelato polo que respecta a área de Lingua Galega e Literatura faise de novo referencia á necesidade de ampliación e perfeccionamento da competencia comunicativa nestes niveis. Materia esta que se inclúe como común nas distintas modalidades de Bacharelato.

O Bacharelato comparte coas etapas de Primaria e Secundaria Obrigatoria o ensino-aprendizaxe dos procedementos relativos o uso da lingua nos diversos ámbitos de interacción social, e das actitudes favorecedoras dunha comunicación satisfactoria e dunha postura crítica ante os usos discriminatorios da lingua.

A educación lingüística no Bacharelato ha de incluír o coñecemento das variedades e interferencias lingüísticas así como as repercusións que teñen os fenómenos de cambio

de lingua nos intercambios comunicativos segundo a situación social ou o status social dos participantes.

Pois ben se a función da lingua é primordialmente a comunicación e a mellora da competencia comunicativa teremos pois que fomenta-la oralidade e a práctica da mesma, e partindo desta adquirir unha mellora na escrita. Trataremos pois nas distintas etapas de ensino de supera-los prexuízos que se detecten no uso da lingua, favorecendo e incidindo na normalización lingüística.

2. LINGUA E SOCIEDADE E LINGUA ORAL

Como dicía anteriormente o bloque de contidos de lingua e sociedade aparece como tal nos Decretos do Currículo das distintas etapas de ensino (Primaria, Secundaria e Bacharelato) así ben tamén está o bloque de lingua oral.

Convén resaltar que aínda que nos decretos do currículo se presentan os bloques de contido independentemente, cos seus distintos tipos de contidos –conceptos, procedementos e actitudes–, na práctica convén trata-los distintos bloques de xeito integrado, interrelacionados. Así ben podemos estar traballando a lingua oral con contidos do bloque de lingua e sociedade.

O que si non podemos esquecer é a necesidade de traballa-los distintos tipos de contidos, conceptuais, procedementais e actudiniais e cabe resaltar que cando falamos de lingua e sociedade o terreo das actitudes é fundamental, xa que se tratamos de mellora-la actitude lingüística do alumnado, crear hábitos de uso da lingua na liña da normalización lingüística, erradica-los prexuízos e estereotipos que se puidesen detectar. A vía de traballo está no traballo en grupo, técnicas de dinámicas de grupos e así ir chegando ás actitudes e a cambios de conducta favorables á lingua e ó seu uso.

A modo de clarificación destaco nos seguintes cadros contidos dos bloques de L. e sociedade e L. oral, que se recollen no DCB de Secundaria Obrigatoria.

TIPO DE CONTIDOS

	LINGUA E SOCIEDADE	LINGUA ORAL
CONCEPTOS	<ul style="list-style-type: none"> —Lexislación que regulamente o uso das linguas oficiais de Galicia —O galego e o español como linguas en contacto. Interferencias lingüísticas entre ambas —Bilingüismo e diglosia —As variedades dialectais —Os rexistros lingüísticos, lingua estándar e norma culta; os niveis coloquial, vulgar, científico 	<ul style="list-style-type: none"> —Elementos e funcións da comunicación oral —Tipoloxía de textos da comunicación oral. Oral espontáneo e planificado —Formas singulares da comunicación oral (exposición) —Duais (conversa, diálogo, entrevista) —Plurais (debate, coloquio) —Formas elocutivas da comunicación oral (narración, descrición, argumentación...)

ACTITUDES	<ul style="list-style-type: none"> — Actitude crítica perante os prexuízos referentes ás linguas e ás variedades sociais — Respecto e aceptación razoada das normas da lingua estándar — Mantemento de situacións positivas e activas respecto a utilización da nosa lingua en tódalas situacións de comunicación 	<ul style="list-style-type: none"> — Conciencia da importancia que ten o uso axeitado da lingua oral para o desenvolvemento da vida social — Coidado da planificación das producións propias — Respecto polas opinións alleas — Respecto e valoración das normas — Actitude reflexiva e crítica perante as expresións da lingua oral
PROCEDIMENTOS	<ul style="list-style-type: none"> — Análise dos comportamentos e uso de rexistros lingüísticos na vida social — Recoñecemento das interferencias lingüísticas — Emprego das expresións e construcións propias da nosa lingua — Análise da situación sociolingüística da nosa Comunidade — Análise do proceso de normalización lingüística 	<ul style="list-style-type: none"> — Producción de textos orais espontáneos e planificados de diverso tipo (descricións, exposicións, conclusións, argumentacións...) — Exposición de resumos — Dramatizacións de situacións da vida diaria — Intervencións e argumentacións en público (debates, coloquio...) — Distinción dos compoñentes da comunicación oral tanto lingüísticos (entoación, acento), como non lingüísticos (voz, xestos, expresión corporal) — Producción de mensaxes que integran a comunicación verbal con outros códigos

3. ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS: TÉCNICAS DE DINÁMICA DE GRUPOS

Como sinalaba anteriormente, considero que as técnicas de dinámica de grupos favorecerán, estimularán e facilitarán o emprego e práctica da lingua oral, mellora de actitudes lingüísticas, tratamento dos contidos actitudinais da lingua oral e de lingua e sociedade así como dos contidos conceptuais e procedementais.

Sinalarei a continuación tres técnicas diferentes. En cada unha delas farase a explicación da técnica e indicárase o material de apoio necesario para a súa aplicación.

Unha vez realizada a aplicación da técnica, despois da súa representación para toda a clase é fundamental unha conversa do profesor ou profesora co alumnado acerca do desenvolvemento da mesma, para chegar así a unha reflexión conxunta que levará a unha autorreflexión acerca dos aspectos que se trataron de abordar. Cuestións xerais en torno ás que se podería conversar son: dificultades que encontraron, problemas, ¿Como se resolveron? ¿Que resultou máis interesante? ¿Que aprenderon? Sería moi importante a gravación en vídeo ou en audio da representación destas técnicas e facer posteriormente unha valoración das mesmas, así poderían autoavaliarse.

3.1. Simposio

Un grupo de 3 ou 6 expertos interveñen ante un auditorio de forma sucesiva, pero non manteñen puntos de vista diverxentes, senón que tratan aspectos complementarios dun mesmo tema. Non hai discusión entre os expertos.

MODERADOR: Réunese cos expertos decidindo conxuntamente como van expoñe-lo tema, que parte corresponderá a cada quen, a orde de intervención dos expertos, sempre de acordo coa estrutura do tema.

DESENVOLVEMENTO: Despois de ocupa-los lugares respectivos, o moderador fará a presentación dos expertos indicando o apartado que van desenvolver. Ó remate da exposición o moderador pode facer algunhas cuestións ou ben invitar ó auditorio á que as faga, sen permitir que se inicien polémicas.

PROPOSTA CONCRETA

Co material que se vos dá tratade de preparar para o simposio, seguindo as instrucións do mesmo, a exposición ante o auditorio, neste caso os vossos propios compañeiros e compañeiras, destes conceptos:

- Lingua A/ lingua B, lingua minorizada e minoritaria, lingua de instalación e de relación, L1/L2, bilingüismo aditivo e substractivo, ensino bilingüe
- Programas de ensino bilingüe:
- Programas de segregación: a) de submersión b) de transición
- Programas complementarios.
- Programas de mantemento.
- Programas de inmersión.

Evidentemente apórtase un material informativo no que aparecen todos estes conceptos. O alumnado que practique esta técnica terá que ler a información dada, resumila, extractala, para despois expoñela ante o auditorio, xa que eles ou elas serán os expertos ou expertas que informan ó auditorio, neste caso o resto da clase.

Outro texto interesante para traballar con esta técnica é o de Alonso Montero (1991) da súa obra *Informes sobre a Lingua Galega*, “Literatura Galega de 1936 a 1953: algúns aspectos da represión lingüística”, a través do que, coa utilización desta técnica, os alumnos se sentirán moi motivados para coñecer as características da Literatura Galega nesta época, adquirindo así unha maior formación para entende-la situación social da nosa lingua e literatura.

3.2. Discusión dirixida

Trátase dunha controversia verbal entre varias persoas sobre un contido que se preparou previamente. O tema debe ser susceptible de ser tratado desde distintas perspectivas. Con vén que se chegue a conclusións e non reafirmarse tan só no que xa se sabe.

MODERADOR: Darase material ó grupo para consultar as posibles respostas ás preguntas que van ser formuladas ó longo da discusión. O grupo ten que coñece-las preguntas tamén.

DESENVOLVEMENTO: O moderador introduce o tema. Formula a primeira pregunta, anota a solicitude de intervencións e vai concedendo o uso de palabra permitindo as matizacións e interpelacións que se vaian suscitando.

Se ó principio da técnica non hai moita participación o moderador pode invitar ós asistentes a que cada un expoña a súa opinión sobre o tema. Segundo se vaian desenvolvendo as cuestións irase facendo un resumo breve para finalizar cun resumo global.

O moderador non tomará partido por ningunha das opinións alí expostas.

PROPOSTA CONCRETA

Co texto que tedes da LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA L.N.L. tratade de preparar unha discusión dirixida seguindo as instrucción da mesma, sobre o tema: **aplicación da L.N.L. en organismos oficiais, nos centros de ensino, nos medios de comunicación...**

¿Como se está a facer actualmente? ¿Estase aplicando realmente? Non esquezades formula-las preguntas e ter preparadas as respostas para que a técnica resulte eficaz.

Apórtaselles ós alumnos e alumnas a copia da Lei de Normalización Lingüística coas últimas modificacións, Decreto 247/1995 do 14 de setembro polo que se desenvolve a Lei 3/1983 de normalización lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos niveis non universitarios (DOG 15-setembro-1995), para que así poidan argumentar as súas opinións.

3.3. Role-playing (dramatización)

Representación ante o grupo dunha situación ou caso concreto de modo que se faga máis vivido e auténtico. Pódese tratar de fomentar a comunicación entre o grupo, mostrar situacións humanas problemáticas, criticar decisións do propio grupo, etc.

DESENVOLVEMENTO:

Decídese o problema que se vai abordar, repártense os papeis que corresponderán a cada membro do grupo, faise un ensaio. Representátese.

Despois da representación pásase a unha fase de deliberación na que se pregunta ó auditorio acerca da problemática que alí se tentaba representar, e ademais os propios actores exporán como se sentiron. Se se quere pódese facer unha nova representación incluíndo as matizacións aportadas na fase de discusión.

PROPOSTA CONCRETA

Elixir para a dramatización ou “role-playing” calquera destas dúas situacións, ou ben unha variante das mesmas:

- a) –Alumnos e familias galego falantes con prexuízos de cara ó uso da súa propia lingua, infravaloración da mesma e conciencia de lingua inferior.
 - Alumnos con actitude moi positiva de cara ó uso da lingua galega, moi concienciados de que o ensino debería ser en lingua galega, e da necesidade de normalizar o uso do galego.
- b) Galego falante con dúbidas ante o uso da súa variedade dialectal. Temores e medo a expresarse na súa fala e na da súa familia ante o galego estándar.
 - Expertos, profesores e amigos colaboran a clarificar as ideas dese alumno/a fundamentando a súa opinión.

Despois da representación procederase a preguntarlle ó auditorio: ¿Que problema se reflicte aquí? ¿Que situación se detectou? ¿Habería que matizar algún aspecto? ¿Ocorre isto na realidade? ¿Como podemos mellorar estas situacións? ¿Que podemos facer nós?...

4. PROPOSTAS, CUESTIÓNS PARA A REFLEXIÓN DO PROFESORADO

Finalmente para concluír este traballo proponho unha serie de cuestións dirixidas ó profesorado de Lingua Galega e Literatura para o tratamento desta área nas distintas etapas de ensino obrigatorio e postobligatorio, e máis especialmente para incidir nos contidos actitudinais dos bloques de contido de lingua oral e lingua e sociedade.

Técnicas de dinámica de grupos

¿Que vantaxes teñen estas técnicas? ¿Considerades que hai algunha desvantaxe na aplicación destas técnicas cun grupo de alumnos? ¿Cales vos parecen máis idóneas? ¿Que

aspectos convén abordar con cada unha delas? ¿Que tipo de contidos se están traballando fundamentalmente? ¿Que incidencia teñen nos outros bloques de contido?

Papel do profesorado

¿Que debe ter en conta o profesor/a antes da aplicación destas técnicas? ¿Durante as mesmas? ¿E despois das mesmas que convén facer sempre?

Papel do alumnado

¿Que capacidades se están a desenvolver no alumnado? ¿Considerades que se produce aquí aprendizaxe significativa, é dicir, o alumno ou alumna está aprendendo a aprender, está construíndo a súa propia aprendizaxe? ¿Hai motivación no alumnado para a aprendizaxe?

Proposta para a planificación do traballo

Pensar nun aspecto concreto que se desexaría abordar para traballar contidos do bloque de Lingua Oral en relación co bloque de Lingua e Sociedade e establecer que técnica de dinámica de grupos sería a máis axeitada para desenvolver.

Ter en conta o tratamento dos seguintes aspectos:

- Idade dos alumnos/as.
- Tamaño do grupo (nº de alumnos/as).
- Tema que se debe desenvolver.
- Recursos, material de apoio.
- Instrucións que se lles darán ós alumnos.
- Xestión dos grupos de traballo.
- Estratexias de intervención do profesor/profesora despois da representación de cada grupo de traballo.

BIBLIOGRAFIA

- ALONSO MONTERO, X. (1991): *Informes sobre a lingua galega*. Ed. Cumio. Vigo.
- ARNAIZ, P. (1987): *Aprendizaje en grupo en el aula*. Ed. Graó. Barcelona.
- CUERVO, M. E DIÉGUEZ, J. (1991): *Mejorar la expresión oral. Animación a través de dinámicas grupales*. Ed. Narcea. Madrid.
- DIARIO OFICIAL DE GALICIA (15-9-95): *Decreto 247/1995 do 14 de setembro polo que se desenvolve a Lei de Normalización Lingüística*, p. 6991-6993.
- FERNÁNDEZ PAZ, A. (1993): *A lingua galega no PEC e no PCC*. Cadernos para o ensino, nº 3. Xunta de Galicia.
- GARCÍA CAEIRO, M. E OUTROS. (1988): *Exposición oral*. Ed. Alhambra. Madrid.
- MONTANER, P. E MOYANO, R. (1989): *¿Cómo comunicarnos? Del gesto a la telemática*. Ed. Alhambra. Madrid.
- PELIQUÍN PÉREZ, F. (1995): “Tratamento da lingua galega no proxecto curricular de centro (PCC) nun proceso de normalización lingüística”, en *Cadernos de lingua* 11, 129-142.
- PORTAS FERNÁNDEZ, M. (1991): *Lingua e Sociedade na Galicia*. Ed. Bahía. A Coruña.
- RÁBADE PAREDES, X. (1991): *Recuperar a voz*. Ed. Cumio Vigo.

- REYZÁBAL, M^a V. (1993) :*La comunicación oral y su didáctica*. Ed. Muralla. Madrid.
- RODARI, G. (1991): *Ejercicios de fantasía*. Ed. Aliorna. Barcelona.
- RODARI, G. (1991): *Gramática de la fantasía*. Ed. Aliorna. Barcelona.
- RODRÍGUEZ, F. (1976): *Conflicto lingüístico e ideoloxía en Galicia*. Ed. Xistral. Monforte.
- SILVA VALDIVIA, B. (1992): “Sociolingüística e didáctica da lingua en Galicia. Aproximación ó pensamento dos futuros profesores de lingua”, en *Cadernos de Lingua* 6, 125-135.
- SILVA VALDIVIA, B. (coord.) (1994): *Didáctica da lingua en situacións de contacto lingüístico*. ICE Universidade de Santiago de Compostela.
- TOUGH, J. (1987) : *El lenguaje oral en la escuela*. MEC. Madrid
- XUNTA DE GALICIA (1991): *Exemplificacións didácticas. Gabinete da Reforma Educativa*. Tomo III. “Práctica oral”. pp. 7-105. “Lingua e actitudes lingüísticas” pp. 107-172.
- XUNTA DE GALICIA (1992): *Desenvolvemento curricular.de Lingua Galega e Literatura. Secuencia de obxectivos e contidos. Educación Secundaria Obrigatoria*.
- XUNTA DE GALICIA (1992): *Deseño Curricular Base de Lingua Galega e Literatura. Educación Secundaria Obrigatoria*.
- XUNTA DE GALICIA (1993): *Deseño Curricular Base de Lingua Galega e Literatura. Bacharelato*
- XUNTA DE GALICIA(1992): *Lexislación actualizada sobre a lingua Galega*. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística.
- ZUCCHERINI, R. (1992): *Cómo educar la comunicación oral*. Ed. Ceac. Barcelona.